

Nivel	4º ESO	Materia	ECONOMÍA	Data	24-ABRIL-2020
Tipo de tarefa	Cuestionario sobre el video <i>La máquina de la adicción</i>				

Enlace para atopar o vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=5-iPNiheS-M>

Despois de ver o vídeo ou durante o seu visionado (54 minutos + 26 segundos) tedes que responder ás seguintes cuestións (sen esquecer que algunhas delas implican unha reflexión persoal ou unha utilización de outros recursos e habilidades académicas):

1. Dentro da clasificación das actividades económicas en sectores primario, secundario e terciario, en que sector cres que encaixan as actividades que se nos mostran na narración e por que?
2. En que países ocorre a maior parte dos feitos que nos están a contar?
3. A través de que tipo de establecementos comezou a penetración das máquinas de xogo?
4. En que anos se produciron os cambios clave para o sector? A finais do século XX e principios do XXI, cal é a compañía líder no sector das tragaperras e que nacionalidade ten?
5. En canto a deseño visual, qué usan as compañías de tragaperras para atraer aos posibles xogadores?
6. En un momento da narración fálase de que os 200.000 xogadores máis activos ou enganchados de Australia proporcionan un elevado % dos ingresos do sector das tragaperras no país. Cal é ese %?
7. Que elemento relacionado cunha arte é importante para manter a atención dos xogadores e o seu tempo diante da máquina? Como funciona ese elemento para conseguir iso?
8. Que outras ciencias son importantes para estudar o comportamento do xogador diante das máquinas e incrementar a súa adicción? Que busca fai que se activen as neuronas relacionadas coa adicción?
9. Cal é a ciencia que se ocupa de que as máquinas dean en premios unha determinada porcentaxe do total xogado? Por que e tan importante esa ciencia neste sector?
10. Cando falan da presión dos *lobbies*, a que se están a referir? Que é un *lobby*? A quen presionan os *lobbies* das tragaperras e para que?
11. Con que obxectivo e intención utilizan a palabra “responsabilidade” os que traballan neste sector?
12. Que te parece que haxa 200.000 ou máis máquinas nas comunidades con menos ingresos? Que te parece que as compañías do sector se anuncien en TV ou nas camisetas de clubs deportivos de elite?
13. En economía fálase de externalidades positivas ou negativas para referirse aos efectos que ten a actividade das empresas no seu entorno (medio ambiente, traballadores, clientes, provedores, sociedade en xeral, ...). Qué externalidades positivas ou negativas ves no que se nos mostra?
14. Opinión persoal sobre *La máquina de la adicción* (30-60 palabras).

Ánimo, saúde e sorte!!